

## UD 3. Colonialismo e Primeira Guerra Mundial.

### 1. As grandes potencias na segunda metade do século XIX

#### 1.1. Liberalismo e autoritarismo en Europa.

Na segunda metade do século XIX a **situación política** dos Estados europeos era moi **diversa**. Os países con **sistemas políticos autoritarios**, como **Alemaña e o Imperio austro-húngaro**, presentaban algunhas características comúns:

- Eran rexidos por monarquías en que **o rei concentraba case todos os poderes**.
- Contaban con **Parlamentos**, pero non podían opoñerse ás decisións do monarca.
- A .
- O **Exército** tiña moito peso na vida do país.

Os **países con réximes liberais**, como o **Reino Unido ou Francia**, foron consolidando o seu sistema político:

- A **división de poderes** afianzouse, de xeito que os Parlamentos controlaban os Gobiernos.
- Recoñecéronse **novos dereitos**, como a liberdade de expresión e de asociación.
- Ampliouse o dereito ao sufraxio ata que se implantou o **sufraxio universal masculino**.
- Os **partidos socialistas** empezaron a ter representantes nos Parlamentos porque os obreiros podían votar.

#### 1.2. As alianzas bismarckianas e a Paz Armada (1870-1914)

Tras a súa unificación, **Alemaña** converteuse na **potencia reitora da política internacional europea**, grazas á política do seu chanceler, **Bismarck**.

Este ideou un **sistema de alianzas entre Alemaña, Austria e Rusia**, ao que **tamén se asociou Italia**, que tiña dous obxectivos principais:

- O **illamento de Francia**, xa que a perda de **Alsacia e Lorena** en 1870 alimentara o desexo de **desquite** francés e convertíaa nun potencial adversario.
- O mantemento do **equilibrio nos Balcáns**: Bismarck sabía que **Austria e Rusia tiñan intereses opostos** nos Balcáns e que estas tensións poderían ser a orixe dun conflito europeo.

Para lograr estes obxectivos Alemaña chegou a **acordos con outras potencias**:

- a **Dúplice Alianza** con Austria-Hungría
- a **Entente dos Tres Emperadores** co Imperio austro-húngaro e o Imperio ruso.

A **morte do emperador alemán** Guillerme I levou ao trono a **Guillerme II**, partidario dunha **política máis agresiva** en Europa e de **potenciar a expansión colonial alemá**, o que provocou a **dimisión de Bismarck** (1890).

Iniciouse así un **novo período nas relacións internacionais**, coñecido como **Paz Armada** (1890-1914).

#### 13. ALIANZAS BISMARCKIANAS



#### 1.3. Estados Unidos, o nacemento dunha nova potencia.

Na primeira metade do século XIX en Estados Unidos produciuse unha **grande expansión territorial** que fixo que o país se estendese **desde o océano Atlántico ata o océano Pacífico**: **Destino manifesto**.

Os novos territorios foron **colonizados por poboadores brancos** que se **enfrentaron ás tribos indias** que habitaban nestas terras (**conquista do Oeste**).

Os poucos **indios superviventes** foron internados en **reservas**.





3. A FORMACIÓN DE ESTADOS UNIDOS

#### 1.4. O Xapón Meiji.

Entre 1867 e 1914 Xapón deixou de ser un **país feudal** cunha economía agraria e converteuse nun **país industrializado**.

En 1867, o **emperador recuperou o poder** que desde había séculos estaba en mans dos señores feudais: **Shogun** (xeneralísimo).

Iniciouse a **era Meiji**, en que Xapón se **occidentalizou en todos os ámbitos**: económico, social, cultural, etc.

Ata este momento, Xapón **mantense illado do mundo**. A situación cambia cando **USA** contacta co Shogunato e o **obriga a abrir varios portos ao comercio internacional** (barcos negros), chegando a acordos comerciais con varios países europeos e EEUU.



## 2. Os factores do imperialismo

### 2.1. O concepto de imperialismo

O termo imperialismo implica a **extensión do dominio dun país sobre outros**.

O **país que conquista é a metrópole** e os **territorios conquistados son as colonias**.

Non era un fenómeno novo, pero cara a **1870 xurdiu unha nova forma de imperialismo**.

Os primeiros **protagonistas** foron o **Reino Unido e Francia**.

Despois, **sumáronse outros países** como Alemaña, Italia, Bélxica, Rusia, Estados Unidos e Xapón.

En **1800 o 35 %** das terras do planeta dependían de Europa e Estados Unidos, en **1914 esta porcentaxe era dun 84 %**.

Podíase dicir que **Europa era a dona do mundo**.

- En **África** só quedaron dous Estados independentes: Etiopía (Abisinia) e Liberia.
- En **Asia**, o Imperio otomán, China e Persia non se converteron en colonias, pero a presión occidental para lograr vantaxes comerciais foi cada vez maior.

### 2.2. Factores:

- **Factores económicos, sociais e demográficos.**

O imperialismo foi, en parte, unha **consecuencia da industrialización**.

Os países europeos necesitaban **espazos en que investir** os seus capitais, **obter materias primas baratas** e **vender os seus produtos** industriais. Estes lugares encontráronos nas novas colonias.

As colonias eran tamén o territorio en que podía **asentarse parte da crecente poboación** europea con **poucas posibilidades de traballo** nos seus lugares de orixe, **evitando tensións sociais**.

A Revolución Industrial **facilitou estes desprazamentos**, xa que se desenvolveron **medios de**

**transporte máis rápidos e eficaces.**

**- Factores políticos.**

A expansión imperialista obedeceu tamén a esixencias **estratéxicas das grandes potencias**; por exemplo, o **Reino Unido procurou dominar enclaves** situados nas principais **rotas marítimas**, mentres que **Rusia** tratou de encontrar unha **saída a mares libres de xeos**.

Noutros casos, as potencias desexaban **aumentar o seu prestixio internacional**.


**- Factores ideolóxicos.**

En Occidente, no século XIX, as **ideoloxías racistas** tiñan moita forza. Os occidentais estaban convencidos de que a **raza branca era superior** e que isto lles daba **dereito a dominar outros pobos**, que consideraban **atrasados e inferiores**. Pensaban que tiñan a **misión de civilizar** esoutros pobos.

**- Factores científico, relixioso, de aventuras...**


O imperialismo xustificouse en moitos casos co **pretexto de cristianizar** pobos que conservaban "relixións primitivas". O **labor misioneiro** da Igrexa católica e protestante tivo grande importancia.

A **curiosidade científica** tamén contribuíu ao impulso das conquistas.



### **3. Os grandes imperios coloniais.**

- O **Imperio británico** foi o **maior** da época, con colonias repartidas por todo o mundo.
  - A **máis importante** era a **India**. Para **asegurar a ruta**, fixéronse co control do **canal de Suez**.
  - En **África** creará un **imperio case continuo** dende O Cairo a O Cabo.
  - Conquistará territorios **en Asia** para protexela fronte o avance ruso e francés.
  - Contara con colonias en **Canadá e parte de Oceanía**.
- O **Imperio francés** foi o segundo en importancia.
  - En **África**, a expansión francesa comezou coa conquista de **Alxeria e Tunisia** e a creación dun **protectorado en Marrocos**.
  - Despois, obtivo importantes territorios no **centro e no oeste** do continente.
  - En **Asia**, Francia ocupou **Indochina**.
- **Alemaña e Italia incorporáronse tarde** á expansión imperialista.
  - Ambos os países, igual que **Bélxica**, que se fixo co **Congo**, conseguiron **algunhas colonias en África**.
- **Rusia incorporou Siberia**, estendeuse ata o Himalaia e a India.
- **EEUU**, tras derrotar a España en 1898, ocupou **Filipinas e Porto Rico** e controlou **Cuba**.
  - Someteu a iberoamericanos a **forte dependencia económica** (colonialismo económico).
- **Xapón** enfrontouse a China e Rusia, anexionou **Formosa e Corea** e creou un **protectorado en Manchuria**.



**\* A Conferencia de Berlín (1884-1885).**

Esta conferencia reúne **as principais potencias para solucionar os problemas en África**, repartíndose case todo o continente africano. A necesidade desta conferencia xurde coas **friccións e conflitos** entre as distintas potencias causadas pola expansión das mesmas.

En liñas xerais esta conferencia **tratou de precisar quen tiña dereito a soberanía dunha rexión e quen prioridades**, téndose en conta principalmente **a cuestión do imperio continuo**:

- **Inglaterra** quería un **Imperio de Norte a Sur**, que unira El Cairo con El Cabo.
- **Francia** quería un Imperio de Este a Oeste, que unira Senegal con Somalia.
- **Portugal** quería un Imperio de Suroeste a Sudeste, que unira o Atlántico co




Índico (Angola con Mozambique).

Esto ocasionará **diversos enfrontamentos**, destacando o de Gran Bretaña e Francia en Fachoda. Na **Acta Xeral** da Conferencia establece-se:

- **Liberdade de comercio co Congo**, cedido como estado libre e neutral o rei dos belgas, Leopoldo II.
- **Abolición da escravitude**.
- Declaración de **libre navegación ríos Níxer e Congo**.
- Establecemento das **condicións para a ocupación e adquisición soberanía dun territorio**: ocupación efectiva e notificación o resto das potencias.



#### 9. CRONOLOXÍA DO IMPERIALISMO



### 4. A administración colonial e os seus efectos.

#### 4.1. As formas de dominio.

Os Estados europeos estableceron nos territorios colonizados **varias formas de dominio**:

- **Colonias**. Eran **territorios sometidos** á soberanía dunha metrópole e **administrados por esta**. A fórmula implicaba a perda da soberanía do país colonizado. O Congo Belga.
- **Protectorados**. A **potencia colonial** controlaba a **política exterior e as riquezas** do país colonizado, mentres que **as autoridades nativas** se ocupaban da **política interior**. Foi o caso do Reino Unido en Exipto e de España e Francia en Marrocos.
- **Concesións**. Territorios que **pertencían a un país independente**, pero nos que as potencias colonizadoras obtíñan **vantaxes comerciais**. Isto ocorreu na China, onde a penetración dos produtos occidentais **arruinou os comerciantes locais** e provocou varias rebelións.
- **Dominios**. Territorios (colonias) de ultramar con **climas temperados e escasa poboación indíxena** nas que se instalaron **importantes continxentes de poboación inglesa**. Foron conseguindo unha **ampla autonomía de goberno**, dispoñendo de institucións semellantes ás da metrópole (parlamento, partidos). Variante, específica inglesa.

Tiveron esta consideración: Canadá, Australia, Nova Celandia e a Unión Sudafricana.

A colonización sentou as bases dunha **administración e dunha organización política modernas**, pero **as fronteiras das colonias** trazáronse sen ter en conta as diferenzas tribais, lingüísticas ou relixiosas das poboacións autóctonas. Isto ocasionou **graves conflitos** tras a descolonización.

## 4.2. A explotación económica e as súas consecuencias.

As metrópoles explotaron os recursos naturais das colonias no seu propio beneficio. Impúxose unha economía baseada na **agricultura de plantación** e na **explotación da riqueza mineral** do seu subsolo (ouro, diamantes, carbón...). As **poboacións nativas** foron **desposuídas** das súas terras por **compañías privadas** das metrópoles.

As metrópoles **non tiñan interese en desenvolver a industria** das colonias e os **artesáns locais non resistiron** a competencia dos produtos industriais europeos, polo que se empobreceron. Os indíxenas convertéronse en **man de obra barata** que traballaba nas plantacións e nas minas en condicións similares á escravitude. Os colonizadores **construíron infraestruturas** de transporte, como portos e vías férreas, **para desenvolver as súas actividades**. O **conxunto** das colonias seguiron estando **mal comunicadas**.

### → SABER FACER



Interpretar unha caricatura sobre o colonialismo



FAINO ASÍ

- Describe esta caricatura de 1895. Que potencias reparten o mundo entre elas?
- Que territorios desexa cada unha?
- Por que cres que o Reino Unido se limita a mirar?

## 5. A orixe da Primeira Guerra Mundial

No último terzo do século XIX e principios do XX **formáronse en Europa dous bloques militares, a Tripla Alianza e a Tripla Entente**.

O **temor mutuo, os intereses coloniais contrapostos e as ambicións nos Balcáns** acabaron por provocar un grave conflito: a Primeira Guerra Mundial.

### 5.1. As crises prebélicas.

Nestas décadas houbo **varias crises e conflitos**.

- As **colonias** foron unha fonte continua de problemas. As **potencias tradicionais** (Reino Unido e Francia) **desdeñaron os novos Estados** (Alemaña e Italia), manténdoo nun **segundo plano** na expansión imperialista, pero estes **desexaban formar o seu imperio colonial**.
- **Nos Balcáns o Imperio otomán declinaba e Austria e Rusia pretendían aproveitar** esta situación para aumentar o seu poder na zona.

As potencias europeas agrupáronse en **dous bloques militares**.

- Alemaña, Austria e Italia renovaron a **Tripla Alianza**, formada en 1882.
- Francia, Rusia e o Reino Unido forman a **Tripla Entente** (1907).

**Rusia abandonara a súa alianza con Alemaña** por mor dos problemas nos Balcáns.

O **temor mutuo** levou a unha **carreira de armamentos**. Incrementouse o tamaño dos exércitos e fabricáronse novas armas (acoirazados, submarinos, canóns, etc.). Calquera enfrontamento podía dar orixe a un conflito a grande escala.

### 15. AS NOVAS ARMAS



**Aviación.** Primeiro empregouse en misións de observación. Despois, engadíronse metraladoras e bombas aos avións. Os alemáns desenvolveron o **dirixible**, pero o seu gran tamaño facíao moi vulnerable.



**Submarinos.** Os alemáns empregáronos para estrangular a economía británica. En 1915 afundiron o transatlántico Lusitania, onde morreron máis de 1.500 persoas.

**Blindados.** Inventados polos británicos, eran fortalezas móbiles, armadas de canóns e metraladoras.



**Artillaría e armas químicas.** Empregáronse novas metraladoras, gases tóxicos e máscaras antigás.



## 5.2. A crise do verán de 1914

O 28 de xuño de 1914, o herdeiro do Imperio austro-húngaro, o arquiduque **Francisco Fernando** e a súa esposa foron **asasinados** durante unha visita oficial a Saraxevo (Bosnia).

O asasino foi un bosnio proserbio que formaba parte da organización chamada **Man Negra**, que tiña o obxectivo de crear unha **Gran Serbia** (pobos eslavos), libre do dominio austríaco.

- O 23 de xullo, **Austria**, co apoio de **Alemaña**, deu un **ultimato a Serbia** ameazándoa coa guerra se non permitía investigar o asasinato.
- **Serbia**, que estaba apoiada por Rusia, **rexeitou o ultimato** o 25 de xullo.
- **Tres días máis tarde o Imperio austro-húngaro declarou a guerra a Serbia.**
- **Rusia** iniciou a **mobilización xeral en apoio de Serbia.**
- **Alemaña** **esixiulle que detivese as operacións.** Ao non recibir resposta **declarou a guerra a Rusia**, e despois a **Francia.**
- O **Reino Unido** **declarou a guerra a Alemaña.**
- **Italia non apoiou a Austria nin a Alemaña**, o que **rompía a Tripla Alianza.**

Estalara a **Primeira Guerra Mundial.**

## 6. O desenvolvemento da guerra.

A guerra **converteuse en mundial** porque enfrontou as principais **potencias e os seus imperios**, e porque novos países se foron sumando ao conflito.

- O **Imperio otomán e Bulgaria** uníronse aos **Imperios centrais.**
- **Italia, Romanía, Grecia, EE.UU., China e Xapón** sumáronse á **Tripla Entente** ou aliados.

A guerra **durou catro anos**, de 1914 a 1918, e nela pódense distinguir catro fases.



### 6.1. A guerra de movementos (1914).

Os alemáns pretendían obter unha **rápida vitoria** sobre Francia para atacar despois Rusia (**plan Schlieffen**). Non obstante, **foron detidos** polos franceses na **batalla do Marne**.

**Rusia**, atendendo ás peticións de Francia, **lanzou unha ofensiva** sobre Alemaña.

Os rusos **foron derrotados** en Tannenberg e os lagos de Masuria, pero conseguiron **forzar os alemáns a desviar tropas** cara ao leste, o que salvou a Francia.

## 6.2. A guerra de posicións (1914-1917).

As **tácticas defensivas** dos exércitos (trincheiras, metralhadoras, etc..) superaban as súas **capacidades ofensivas**, polo que as **frontes se estabilizaron**.

Construíronse **quilómetros de trincheiras**. Os soldados pasaron meses en condicións durísimas.

Os alemáns intentaron romper a fronte occidental na **batalla de Verdún** e os británicos na **batalla do Somme**, ambas en 1916, pero produciron resultados escasos e centos de miles de mortos.

Ante a estabilidade das fronteas principais, os aliados atacaron **zonas secundarias**:

En paralelo, desenvolveuse o **conflito naval**. A frota británica bloqueou Alemaña, que contraatacou coa **guerra submarina**.

## 6.3. O ano decisivo: 1917.

A **fronte rusa derrubouse** polo estalido da Revolución bolxevique, que supuxo a **retirada de Rusia** do conflito.

Non obstante, o feito decisivo foi a **entrada de Estados Unidos** na guerra a favor dos aliados, o que proporcionou **importantes recursos materiais e humanos**, e decantou o conflito.

## 6.4. A ofensiva de 1918 e o final da guerra.

Os **alemáns** asinaron en 1918 a **paz con Rusia** mediante o **Tratado de Brest-Litovsk**.

Isto permitiulles **trasladar as súas tropas ao oeste** e lanzar unha ofensiva.

En resposta, **Francia atacou** en todas as fronteas utilizando carros de combate e a aviación.

Os Imperios centrais non puideron resistir e **rendéronse**: primeiro Turquía, despois Austria e finalmente Alemaña, tras a abdicación do káiser Guillerme II.

O 11 de novembro de 1918 **asinouse o armisticio** entre Alemaña e os aliados. **A guerra rematara**.

## 17. CRONOLOXÍA DA GRAN GUERRA



## 7. A vida na retagarda.

A Primeira Guerra Mundial foi unha **guerra total**, é dicir, **todos os recursos** dos contendentes empregáronse para tratar de gañar.

- **Bombardeos aéreos**. Puxeron a poboación civil **en primeira liña**. Por estas razóns, a guerra non só se desenvolveu na fronte, senón tamén na retagarda.

- **Unha economía de guerra**. A guerra económica tivo **tanta importancia** coma a militar.

Os Estados intensificaron a súa **intervención na economía**, co fin de **garantir o abastecemento** da poboación e das tropas. **Suspendeuse a liberdade de produción e de comercio**.

- **Fame e racionamento**. A guerra ocasionou un **descenso da produción e importación de alimentos**. Os Gobernos **limitaron os prezos** dos produtos básicos e impuxeron o **racionamento**.

- **Guerra e propaganda**. Foi usada polos Gobernos para que os homes se alistasen e tamén para **motivar as tropas** e a **poboación civil**. Enxalzábanse as vitorias, minimizábanse as derrotas.

Moitas **noticias eran censuradas**.

- **A incorporación da muller ao traballo fora da casa**. A mobilización de millóns de soldados fixo necesaria man de obra. Millóns de mulleres asumiron o traballo nas fábricas e nos campos.

A guerra foi **esencial** para demostrar a súa capacidade para o desenvolvemento de todos os labores. Por iso, cando terminou o conflito, moitos países concederon dereitos políticos ás mulleres.

## 8. As consecuencias da Primeira Guerra Mundial.

### 8.1. Grandes perdas demográficas e materiais

A Primeira Guerra Mundial provocou máis de **8 millóns de mortos e 9 millóns de feridos**. O país **máis afectado** foi Alemaña. As **perdas materiais foron menos significativas** ca as humanas, debido, sobre todo, á grande **estabilidade das fronteiras**.

Para **sufragar os gastos** ocasionados pola contenda, moitos países pediron **préstamos** no exterior, sobre todo a Estados Unidos, polo que ao finalizar a guerra o **endebedamento** dos países europeos era elevadísimo.

### 8.2. A Paz de París (1919-1920)

Coñécese como Paz de París o **conxunto de tratados** asinados polos países vencidos:

- **tratados de Versalles** (firmado con Alemaña),
- **Saint Germain** (con Austria),
- **Trianon** (con Hungría),

En 1919 iniciouse a Conferencia de París. **Participaron 27 Estados**, sen incluír os vencidos.

As principais decisións tomáronas **Estados Unidos, Francia, o Reino Unido e Italia**, que obrigaron os países derrotados a aceptar as condicións impostas.

Os **obxectivos principais** dos tratados da Paz de París foron:

- **Impedir o rexurdimento de Alemaña** como gran potencia.
- Consegur un **equilibrio de poderes entre os vencedores**, particularmente nos Balcáns e nas colonias, para evitar posibles conflitos.
- **Manter illada a Rusia**, onde se implantara un réxime comunista, evitando o "contaxio" revolucionario ao resto do mundo.

Nesta conferencia acordouse crear a **Sociedade de Nacións**, unha organización internacional **baseada nos Catorce Puntos** expostos polo presidente estadounidense **Wilson** para lograr unha paz xusta. O **obxectivo desta organización** era manter a paz e resolver os conflitos entre países mediante negociacións.

Non obstante, **Alemaña, Rusia e Estados Unidos non participaron** nela, o que, unido a outros problemas, fixo que a súa **eficacia fose limitada**.

### 8.3. Os cambios territoriais

Os **imperios alemán, austro-húngaro e otomán deixaron de existir** e sufriron importantes **perdas territoriais**.

- **Alemaña** entregou as súas **colonias**, e convertéronse en mandatos, territorios administrados pola Sociedade de Nacións; devolveu **Alsacia e Lorena** a Francia e entregou **Poznan e Prusia** a Polonia. Ademais, o **Sarre** quedou baixo administración da Sociedade de Nacións.
- O **imperio austro-húngaro dividiuse** en catro países: Austria, Hungría, Checoslovaquia e Iugoslavia.
- O **imperio otomán** cedeu Siria a Francia, Iraq e Palestina ao Reino Unido, e diversos territorios a Italia e Grecia. Tras unha revolución, converteuse na **República de Turquía**.
- Finlandia, Estonia, Letonia e Lituania independizáronse do **Imperio ruso**.
- **Polonia rexurdiu como país** con territorios rusos, austríacos e alemáns. Ademais, logrou unha saída ao mar polo corredor de **Danzig**, que pasou a ser unha cidade libre, administrada pola Sociedade de Nacións.

### 8.4. Outras consecuencias da guerra

No Tratado de Versalles **Alemaña e os seus aliados** foron considerados os **únicos responsables da guerra**. Alemaña foi **condenada ao pago** de elevadísimas reparacións de guerra.

Ademais, tivo que **reducir os seus efectivos militares** e aceptar a **desmilitarización de Renania**, rexión fronteiriza con Francia.

Alemaña asinou o tratado pero nunca o aceptou. Sempre o considerou un **diktat** (unha **imposición**). As súas duras condicións alentaron o **desexo de desquite** dos alemáns.